



**PROGRAMACIÓN XERAL
ANUAL**
CEIP ANTÍA CAL VÁZQUEZ
CURSO ACADÉMICO 2023-2024

Presentada ao consello escolar: 19/10/23

Aprobada polo consello escolar: 19/10/23

Aprobada polo claustro nos aspectos docentes: 17/10/23

Remitida á inspección educativa: 23/10/23

LEXISLACIÓN APLICABLE

Entre outras, as leis e decretos que rexen a nosa traxectoria escolar son:

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico dos centros de educación infantil e dos colexios de educación primaria (art. 98).
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (CAP. I. Apdo. 3)
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2011, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitarios de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (art. 11.4 e 11.5)
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (art.11.5).

ÍNDICE

| | |
|---|----|
| 1. DATOS XERAIS DO CENTRO | 4 |
| 2. RELACIÓN DE ALUMNADO POR ETAPA EDUCATIVA..... | 4 |
| 3. OBXECTIVOS XERAIS E ACTIVIDADES..... | 5 |
| 4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE..... | 7 |
| 5. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA..... | 8 |
| 6. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE | 8 |
| 6.1. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS..... | 8 |
| 6.2. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO: RESPONSABLE DE CENTRO . | 9 |
| 7. HORARIO LECTIVO DO CENTRO..... | 9 |
| 7.1. ORGANIZACIÓN TEMPORAL..... | 9 |
| 7.2. DISTRIBUCIÓN DO HORARIO POR SESIÓNS..... | 9 |
| 7.2.1. Xornada continua..... | 9 |
| 7.2.2. Xornada partida..... | 10 |
| 7.3. HORARIO DO TEMPO DE LECER..... | 10 |
| 8. QUENDAS DE PROFESORES ENCARGADOS DA VIXIANCIA | 10 |
| 8.1. VIXIANZA TEMPOS LECER..... | 10 |
| 8.2. VIXIANZA ENTRADAS E SAÍDAS..... | 11 |
| 9. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO..... | 11 |
| 10. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS | 12 |
| 11. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES..... | 13 |
| 12. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA | 14 |
| 13. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN | 14 |
| 14. PERIODO DE ADAPTACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL..... | 15 |
| 15. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE | 15 |
| 16. PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DA RELACIÓN COAS FAMILIAS..... | 15 |
| 17. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS | 16 |

| | | |
|-------|--|----|
| 17.1. | TRANSPORTE ESCOLAR..... | 16 |
| 17.2. | COMEDOR ESCOLAR..... | 16 |
| 18. | PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO | 17 |
| 19. | BIBLIOTECAS ESCOLARES | 17 |
| 19.1. | PLAN ANUAL DE LECTURA..... | 19 |
| 20. | TAREFAS EXTRAESCOLARES | 19 |
| 21. | DECRETO 79/2010: PLURILINGÜISMO | 20 |
| 22. | AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA | 23 |
| 23. | PLAN DE CONVIVENCIA | 24 |
| 24. | PLAN DIXITAL..... | 24 |
| 25. | LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR..... | 25 |

1. DATOS XERAIS DO CENTRO

- **Tipo de centro:** Colexio de Educación Infantil e Primaria (Público).
- **Denominación oficial:** Colexio de Educación Infantil e Primaria Antía Cal Vázquez.
- **Código do centro:** 27015876.
- **Provincia:** Lugo.
- **Enderezo:** Rúa Margarida s/n. – Muras.
- **Código Postal:** 27836.
- **Teléfono e fax:** 982870596 / 982870597.
- **N.I.F.:** Q7755054I.
- **Dirección de correo electrónico:** ceip.antia.cal.vazquez@edu.xunta.es
- **Páxina Web:** www.edu.xunta.gal/centros/ceipantiacalvazquez/

2. RELACIÓN DE ALUMNADO POR ETAPA EDUCATIVA

Número total de estudantes no centro: 12

| EDUCACIÓN INFANTIL | |
|--------------------|----------------------|
| CURSO ACADÉMICO | NÚMERO DE ESTUDANTES |
| 4º EI | 2 |
| 5º EI | 1 |
| 6º EI | 1 |

| EDUCACIÓN PRIMARIA | |
|--------------------|----------------------|
| CURSO ACADÉMICO | NÚMERO DE ESTUDANTES |
| 1º EP | 2 |
| 3º EP | 1 |
| 4º EP | 3 |
| 5º EP | 1 |
| 6º EP | 1 |

3. OBXECTIVOS XERAIS E ACTIVIDADES

| OBXECTIVOS ESPECÍFICOS | ACTIVIDADES PREVISTAS | RECURSOS DISPOÑIBLES | TEMPORALIZACIÓN |
|--|---|---|----------------------------|
| Responsable de centro | | | |
| Actualización da documentación de centro. | Actualización dos documentos | Lexislación educativa | Primeiro-segundo trimestre |
| Mellora do equipamento e das instalacións do centro. | Revisión do mobiliario de aula e das distintas dependencias do centro | Mobiliario das diferentes aulas e espazos, peticións á xefatura territorial/inspección e ao concello. Recursos humanos e económicos do propio centro. | Todo o curso |
| Dinamizar a páxina web do centro e convertela nun espazo de referencia para toda a comunidade educativa. | Reunións co equipo docente | Equipo docente | Todo o curso |
| Revisar progresivamente os documentos do centro. | Reunións entre a responsable do centro e o seu equipo docente | Calendario de reunións semanais | Todo o curso |
| CCP | | | |
| Revisión e actualización dos documentos do centro. | Reunións mensuais | Lexislación educativa | Primeiro-segundo trimestre |
| Coordinación das actividades didácticas. | Reunións mensuais | Lexislación educativa | Todo o curso |
| Establecer propostas para as conmemoracións e celebracións do centro. | Reunións mensuais | Lexislación educativa | Todo o curso |
| Establecer propostas para | Reunións mensuais | Lexislación educativa | Todo o curso |

| | | | |
|---|--|-------------------------------------|--------------------|
| coordinar as probas de avaliación. | | | |
| Biblioteca | | | |
| Dinamizar a biblioteca escolar. | Actividades conmemorativas, festividadeas, actividades transversais potenciadas dende a aula, as ofertadas polas editoriais... | Orzamento da biblioteca | Todo o curso |
| Adquirir novos exemplares para actualizar a oferta editorial coa que se conta na actualidade . | | Orzamento da biblioteca | Todo o curso |
| Actividades complementarias e extraescolares (se houbera) | | | |
| Organizar actividades. | Reunións do equipo docente | No horario dispoñible | Todo o curso |
| Organizar a decoración do centro. | Ter en conta as conmemoracións e festividadeas | No horario dispoñible | Todo o curso |
| Orientación | | | |
| Valorar as necesidades. | Reunións cos docentes, observación do alumnado, realización de programas individualizados | Titores, especialistas, familias... | Todo o curso |
| Previsión do alumnado que precisa atención de PT e AL para o curso seguinte e propostas de mellora. | Realización de informes | Reunións do DO | Terceiro trimestre |
| Técnicas de estudo TTI en 6º. | Actividades co alumnado | Orientadora | Todo o curso |
| Educación emocional e | Actividades co alumnado | Orientadora | Todo o curso |

| | | | |
|--|---|--|----------------------|
| autoestima en infantil e primaria. | | | |
| Convivencia | | | |
| Coa ANPA, buscar actividades de planificación a distancia que poidan servir para afianzar as relacións familia-escola. | Colaboración coas actividades que eles propoñan | Titores, familias, equipo docente... | Durante todo o curso |
| Establecer canles e afianzar as relacións cos diferentes sectores: concello, consellería,... | Colaboración dende o centro | Toda a comunidade educativa | Durante todo o curso |
| Promover actividades entorno á igualdade, á tolerancia, á diversidade, o respecto... | Participación nas diferentes campañas | Implicación de toda a comunidade educativa | Todo o curso |

4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O noso centro está adscrito ao Departamento de Orientación do CEIP Manuel Mato Vizoso, situado en Vilalba. A orientadora acode á escola baixo demanda, ofertando ao noso alumnado unha atención á diversidade que comprende distintas tarefas:

- asesoramento ás familias,
- establecemento de pautas para o alumnado con necesidades específica de apoio educativo (NEAE),
- tramitación das bolsas NEAE do Ministerio...

Dentro do Departamento só contamos coa figura da orientadora, pois aínda que se solicita ao Servizo Territorial de Inspección Educativa ano tras ano un mestre/a que desempeñe as funcións de apoio ao alumnado con necesidades, esta demanda non é correspondida.

Deste xeito, a pesar de acharnos nun centro cunhas características moi específicas (onde o alumnado é agrupado por etapas), non contamos con recurso extraordinarios

como un mestre/a de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe; tendo que ser as mestras titoras quen abarquen todas as necesidades a pesar de non contar coa formación específica requirida en algún caso de alumnado con necesidades educativas especiais.

5. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

| | Nome | Cargos |
|----------------------|------------------------|--|
| PERSONAL DOCENTE | Gladys Enríquez García | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Responsable de centro. ▪ Mestra de Educación Primaria. |
| | Sesé Couto Sanmartín | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Especialista en Lingua Extranxeira. ▪ Titora de Educación Infantil. ▪ Mestra de Música e Danza. ▪ Mestra de Educación Física. |
| | Eva Vega Núñez | Mestra itinerante de Relixión Católica. |
| | Ana Rielo | Orientadora do Departamento de Orientación do CEIP Mato Vizoso ao que estamos adscritos. |
| PERSONAL NON DOCENTE | Lorena Cervo Rego | Persoal de cociña contratada pola empresa que realiza o servizo de comedor e persoal de limpeza contratada polo concello. |
| | ANPA | |

6. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

6.1. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

| | |
|----------|--|
| CLAUSTRO | <p>Formado polos tres únicos mestres do centro, e cuxas funcións veñen recollidas nos artigos 46º e 47º do Decreto 374/1996.</p> <p><u>As reunións ordinarias e extraordinarias necesarias ó longo do curso.</u></p> |
|----------|--|

CONSELLO ESCOLAR

Formado pola responsable do centro, que actúa como presidenta, a outra mestra do claustro, que neste caso é a secretaria, unha representante dos pais/nais que actúa como vogal e unha representante do concello tamén vogal. As súas atribucións veñen recollidas no artigo 43º do citado Decreto 374/1996.

As reunións ordinarias e extraordinarias necesarias ó longo do curso.

6.2. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO: RESPONSABLE DE CENTRO

No centro non existe equipo directivo coma tal; senón que, como ben se recolle no punto 4 do artigo 14º do Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria: *"nos centros de menos de tres unidades asumirán tódalas funcións encomendadas ós órganos de goberno unipersoais un dos profesores"*. Polo tanto non haberá programadas reunións do equipo directivo.

En canto a actuacións, asúmense todas as funcións de secretaría, xefatura de estudos e dirección, polo que as tarefas asignadas a este cargo son as de organización e xestión do centro en todos os seus aspectos (docente, económico, administrativo, estrutural, organizativo, de mantemento das instalacións...).

7. HORARIO LECTIVO DO CENTRO

7.1. ORGANIZACIÓN TEMPORAL

A organización das actividades lectivas do centro rexeranse pola ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Respecto aos días non lectivos escollidos polo centro aludir que en consenso con outros centros de Vilalba, marcáronse os días **13 de outubro** de 2023 e o **20 de maio** de 2024.

7.2. DISTRIBUCIÓN DO HORARIO POR SESIÓNS

7.2.1. Xornada continua

Nos meses de setembro e xuño o horario do centro seguirá unha xornada continua.

| | |
|------------------|------------------------|
| 1ª sesión | De 9:30 – 12:20 |
| 2ª sesión | De 10:20 – 11:10 |

| | |
|-----------------------|------------------|
| 3º sesión | De 11:10 – 12:00 |
| Tempo de lecer | De 12:00 - 12:30 |
| 4ª sesión | De 12:30 - 13:30 |
| 5º sesión | De 13:30 - 14:30 |
| Comedor | De 14:30 – 15:00 |

7.2.2. Xornada partida

Dende o mes de outubro ata o mes de maio, seguirase un horario de xornada partida.

| | |
|-----------------------|-------------------------|
| 1ª sesión | De 10:00 a 11:00 |
| 2ª sesión | De 11:00 a 12:00 |
| Tempo de lecer | De 12:00 a 12:30 |
| 3ª sesión | De 12:30 a 13:15 |
| 4ª sesión | De 13:15 a 14:00 |
| Comedor | De 14:00 a 15:00 |
| 5ª sesión | De 15:00 a 16:00 |

7.3. HORARIO DO TEMPO DE LECER

| Horario de lecer | E. Infantil | E. Primaria |
|-------------------------|-------------------------|-------------------------|
| | Mañá: de 12:00 a 12:30 | Mañá: de 12:00 a 12:30 |
| | Tarde: de 14:30 a 15:00 | Tarde: de 14:30 a 15:00 |

8. QUENDAS DE PROFESORES ENCARGADOS DA VIXIANCIA

8.1. VIXIANZA TEMPOS LECER

| ZONA | LUNS | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|-----------------------|-------------|---------------|-----------------|--------------|---------------|
| PATIO MAÑÁ | Gladys | Sesé | Sesé | Sesé | Gladys |

| ZONA | LUNS | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|--------------------|--------|--------|----------|--------|--------|
| PATIO TARDE | Gladys | Gladys | Gladys | Gladys | Gladys |

8.2. VIXIANZA ENTRADAS E SAÍDAS

| ZONA | LUNS | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|--------------|--------|--------|----------|--------|--------|
| MAÑÁ | Sesé | Sesé | Sesé | Sesé | Sesé |
| TARDE | Gladys | Gladys | Gladys | Gladys | Gladys |

9. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Durante o curso 2023-2024 as instalacións do centro poderán ser utilizadas por persoas alleas a este. Para elo, teranse en conta unha serie de condicións. Serían as seguintes:

- Cederanse para actividades sen ánimo de lucro.
- Necesitarase a autorización do Consello Escolar, do Concello de Muras e da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
 - (Para uso ocasional e con carácter excepcional, a responsable do centro poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non altere o normal desenrolo das actividades docentes)
- O responsable da entidade ou da realización da actividade comprometerase a:
 - Arranxar calquera dano que se puidera producir nas instalacións durante o horario de uso.
 - Deixar a instalación perfectamente limpas.
 - Deixar as luces apagadas.
 - Pechar a porta de acceso con chave, así como, a cancela de acceso ó recinto escolar con cadeado.
 - Comprometerse a sufragar os gastos de limpeza e de consumo de enerxía eléctrica se lle fosen requiridos.
 - Devolver as chaves das instalacións ao longo do mes de xuño.

Nesta liña, destacar a cesión dunha aula á ANPA para a realización de actividades extraescolares (inglés). Desenvolveranse os martes durante todo o curso escolar.

10. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Ademais das actividades sinaladas a continuación, poderanse realizar outras que o profesorado considere oportunas tendo en conta o interese educativo das mesmas.

▪ PRIMEIRO TRIMESTRE

| Data | Curso | ACTIVIDADE A REALIZAR | RESPONSABLES |
|----------|-------|--|--------------|
| Outubro | EI/EP | Samaín | Centro |
| Novembro | EI/EP | Día Universal da Infancia | Centro |
| Novembro | EI/EP | Día Internacional contra a Violencia de Xénero | Centro |
| Decembro | EI/EP | Día Internacional das Persoas Discapacitadas | Centro |
| Decembro | EI/EP | Constitución e Estatuto de Autonomía | Centro |
| Decembro | EI/EP | Declaración Universal dos Dereitos Humanos | Centro |
| Decembro | EI/EP | Festival de Nadal | Centro |

▪ SEGUNDO TRIMESTRE

| Data | Curso | ACTIVIDADE A REALIZAR | RESPONSABLES |
|----------|-------|------------------------------|--------------|
| Xaneiro | EI/EP | Día da Paz | Centro |
| Febreiro | EI/EP | Entroido | Centro |
| Marzo | EI/EP | Celebración do Día da muller | Centro |
| Marzo | EI/EP | Semana da Prensa | Centro |

▪ **TERCEIRO TRIMESTRE**

| Data | Curso | ACTIVIDADE A REALIZAR | RESPONSABLES |
|-------------|--------------|--|---------------------|
| Abril | EI/EP | Semana do Libro | Centro |
| Maio | EI/EP | Día Internacional contra o acoso escolar | Centro |
| Maio | EI/EP | Semana das Letras Galegas | Centro |

Ademais do exposto e de conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaranse actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

11. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A importancia da participación nas actividades complementarias e extraescolares parte da concienciación de que unha educación de calidade é aquela que responde ás demandas sociais e proporciona un incremento da súa calidade de vida e igualdade, xustiza e oportunidades para todos. Así, coa contribución das actividades complementarias e extraescolares buscamos unha formación plena do noso alumnado. Ademais, este tipo de actividades permite unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización e realización das mesmas, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación. Polo tanto, buscamos promover un tipo de actividades que favorezan a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade, así como as relacionadas con aspectos culturais e deportivos.

Xa que logo, e en vista ao anteriormente citado, a nosa previsión para o presente curso é manter aberto este documento e realizar todas aquelas actividades que sexan máis proveitosas para os nosos alumnos/as podendo participar en saídas á nosa contorna máis inmediata (polo propio concello de Muras e os seus arredores), visitas a lugares característicos de calquera das nosas provincias galegas (achegándonos a monumentos históricos, museos, zoolóxicos, parques...) e calquera outro lugar e actividade que fomente os coñecementos, o interese e a motivación do noso alumnado.

Finalmente, incidir en que esta programación debe entenderse como un documento flexible e aberto a desenvolver calquera actividade (saída e/ou visita) que se vaia presentando ao longo do curso, sempre que estas se adapten e encaixen dentro da nosa metodoloxía pedagóxica e sempre coa finalidade de enriquecer a personalidade do noso alumnado.

12. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Neste curso escolar a ANPA organizou como actividade extraescolar o Inglés, impartíndose os martes de 16:00 a 18:00 horas. Esta actividade será desenvolta na antiga biblioteca do centro, aula que foi solicitada pola ANPA e cedida para tal fin, durante o presente curso escolar, co visto e prace da Xefatura Territorial.

Así mesmo, e grazas á colaboración da ANPA realizaremos unha visita a Xove (Lugo) para coñecer *Tropic Gaia*, un espazo que lles ensinará aos nosos nenos e nenas o coidado e cultivo das froitas tropicais. E xunto a isto, a ANPA tamén nos achegará á participación no *Programa Lúdico de Igualdade* de COEDUCA. Unha proposta co-educativa que desenvolverá nos seguintes obradoiros:

- **Baile e teatro coeducativo:** o alumnado escoitará diferentes cancións que promoven a igualdade e os seus valores e escollerá unha coa cal se fará unha coreografía conxunta grupal na que participará todo o alumnado.
- **Videoxogos e redes sociais:** dirixido á concienciación e ao uso crítico dos recursos dixitais.
- **Radio coeducativa:** o alumnado asistente ao programa gravará un programa de radio para promover a Igualdade con noticias, tertulia e presentación en directo.

Este programa desenvolverase integramente no centro educativo os días 9, 10, 17 e 18 de outubro.

Destacar que quedamos abertos a participar en calquera actividade que a ANPA nos propoña sempre que esta se axuste á nosa liña metodolóxica.

13. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

De acordo co recollido no Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 21/10/2010), o CEIP Antía Cal Vázquez non está na obriga de elaborar plan de auto-protección por non ter:

- Un uso docente especialmente destinado a persoas discapacitadas físicas ou psíquicas ou a outras persoas que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.
- Unha altura de evacuación igual o superior a 28 m.
- Unha ocupación igual o superior a 1.000 persoas.

14. PERIODO DE ADAPTACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL

No presente curso escolar non foi preciso adaptar o período de iniciación á Educación Infantil. De acordo coa *Resolución do 6 de xuño de 2023*, que dita as instrucións para o inicio escolar, nas primeiras semanas organizaranse as actuacións necesarias para favorecer a transición desde a familia ou desde a escola infantil de primeiro ciclo á nova situación de ensino e aprendizaxe.

15. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

As labores de limpeza e de atención na cociña son desenvoltas por unha mesma persoa que desenvolverá as súas tarefas diariamente no seguinte horario:

- Labores de cociña: entre as 13:45 e as 15:45 en xornada partida.
- Labores de limpeza: 2 horas pola tarde despois de rematar a xornada lectiva.

16. PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DA RELACIÓN COAS FAMILIAS

A semana previa ao inicio do curso celebrouse unha reunión informativa para todas as familias coa finalidade de dar a coñecer os aspectos organizativos do novo ano escolar. Neste encontro fíxose entrega da documentación necesaria para iniciar a actividade lectiva e compartiuse a seguinte información:

- Titorías individuais (presenciais ou por teléfono) os martes de 16:00 a 18:00.
- Uso da axenda escolar, abalar e correo electrónico como medio habitual de comunicación entre o mestre e as familias.
- Envío de circulares ás familias con información puntual do seu interese. Ademais do boletín trimestrais, comunicación puntual, escrita ou mediante entrevista persoal para asuntos de interese relacionados coa educación dos seus fillos/as.
- Establecer e manter relacións de diálogo coa ANPA.
- Información por escrito ás familias sobre o resultado da avaliación:

| Data de entrega de boletíns | |
|-----------------------------|----------|
| 1ª avaliación | 21.12.23 |
| 2ª avaliación | 22.03.24 |
| 3ª avaliación | 21.06.24 |

17. ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

17.1. TRANSPORTE ESCOLAR

O centro conta con servizo de transporte escolar a cargo da empresa MINERVA e Hijos S.L. A devandita empresa fai o servizo dúas veces ao día (en horario de mañá e de tarde). Neste curso fan uso do transporte escolar 5 alumnos/as:

- 1 estudante de EI.
- 4 estudantes de EP (un deles só fai uso do transporte para a chegada ao centro).

17.2. COMEDOR ESCOLAR

O servizo do comedor baséase nunha xestión indirecta, coordinado pola empresa "EUREST".

Datos xerais:

| | |
|---|----------|
| Tipo de comedor (A,B,C,D,E..) | A |
| Tipo de xestión (Xestión propia, catering, etc.) | Catering |
| Alumnado que fai uso do servizo de comedor de balde | 9 |
| Alumnado que fai uso do servizo de comedor pagando | 3 |
| Alumnado de EI que fai uso do servizo de comedor | 4 |
| Alumnado de EP que fai uso do servizo de comedor | 8 |
| Alumnos/as TOTAIS que fan uso do servizo | 12 |

Persoal que intervén no servizo:

| | |
|----------------------------|--|
| Encargado/a | Mónica Álvarez Fernández |
| Empresa de catering | EUREST |
| Persoal laboral | Axudante: Lorena Cervo Rego Persoal colaborador: Gladys Enríquez García (Responsable de centro) |

18. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación do centro, que se reflectirá na Memoria Final de curso, pretende determinar o nivel de calidade das actividades educativas postas en marcha así como os resultados que das mesmas se derivan. A calidade implicará que os recursos dispoñibles, os procesos seguidos e os efectos alcanzados, oferten unha resposta coherente co establecido na presente PXA.

Ao longo do curso farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e actividades establecidas na PXA e proceder, se é preciso, á súa modificación. Este seguimento farase por medio da Comisión de Coordinación Pedagóxica que propondrá, de ser preciso, os reaxustes necesarios.

19. BIBLIOTECA ESCOLAR

Os obxectivos previstos en relación á biblioteca escolar son os seguintes:

- Apoiar e facilitar a consecución dos obxectivos do PE.
- Crear e fomentar no alumnado o hábito e gusto de ler, de aprender a empregar as bibliotecas ó longo da súa vida: é dicir facilitar a formación permanente.
- Facilitar a formación en aspectos técnicos, metodolóxicos e didácticos en todo o que supón o ámbito TIC.
- Ofrecer oportunidades de crear e empregar a información para adquirir coñecementos, comprender, desenvolver a imaxinación e entreterse, prestando especial atención ó alumnado que estea en situación de desvantaxe social.
- Ensinar ó alumnado as habilidades para ser crítico e empregar a información correctamente en calquera soporte, formato ou medio, é dicir, educación documental.

- Proporcionar acceso ós recursos locais, rexionais, nacionais e mundiais que permitan ó alumnado poñerse en contacto con ideas, experiencias e opinións diversas.
- Organizar actividades que favorezan a toma de conciencia cultural e social.
- Proclamar a idea de que a liberdade e o acceso á información son indispensables para adquirir unha cidadanía responsable e participativa.
- Promover a literatura, así como tamén os recursos e os servizos da biblioteca escolar dentro da comunidade educativa.
- Impulsar a revisión e desenrolo do Plan Lector do centro, que se concretará cada curso na PXA, no que o uso da biblioteca terán un papel fundamental para adquirir competencias lingüísticas, habilidades no uso da información e na consolidación do hábito de lectura.
- Ampliar as posibilidades do uso pedagóxico da biblioteca e convertela nun centro neurálxico de actividades.
- Dar a coñecer a biblioteca escolar, a organización dos fondos pola CDU (unha vez que estean catalogados todo os fondos documentais) e as distintas seccións en que están distribuídos.
- Capacitar ó alumnado para o uso autónomo da biblioteca escolar, e por extensión, doutras bibliotecas. Realizar unha formación de usuarios.
- Desenvolver proxectos documentais nos que terán que consultar diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, internet, ...), seleccionar e criticar a información e construír o coñecemento de xeito autónomo.
- Promover a lectura de todo tipo de textos.
- Implicar ó alumnado en actividades de dramatización para unha posterior representación na biblioteca.
- Fomentar a implicación das familias, da ANPA e do concello nas diferentes actividades de dinamización da lectura que se están levando a cabo no centro.
- Desenvolver actividades de filosofía para “facer pensar” ó noso alumnado.
- Potenciar e levar a cabo proxectos de traballo comúns para todo o centro.

19.1. PLAN ANUAL DE LECTURA

En liña co establecido no artigo 33 do Decreto 155/2022, as actividades que se desenvolverán ao longo do curso son:

| TRIMESTRE | CURSO | ACTIVIDADE A REALIZAR |
|-----------|-------|--|
| 1 | EI/EP | Visitas guiadas á biblioteca. |
| 1-2-3 | EI/EP | Hora de ler (20 minutos diarios). |
| 1-2-3 | EP | Identificar as partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha. |
| 1-2-3 | EP | Buscar e colocar libros pola CDU, autor, título, materia, ... |
| 1-2-3 | EP | Buscar fondos que ofrezan información en torno dun tema. |
| 1-2-3 | EP | Lectura silenciosa e individual de libros de ficción e informativos. |
| 1-2-3 | EI/EP | Lectura compartida/en de grupo. |
| 1-2-3 | EP | Recomendar os libros que máis gustaron. |
| 1-2-3 | EP | Colaborar na selección de títulos para a biblioteca. |
| 1-2-3 | EP | Buscar información en libros informativos, revistas, periódicos, internet,... |

20. TAREFAS EXTRAESCOLARES

As tarefas extraescolares serán empregadas coma reforzo e ampliación dos contidos traballados, dirixidos aos estudantes que precisen complementar algúns dos aspectos da tarefa realizada na aula.

Tamén se enviarán a casa traballos sen rematar en alumnos ou alumnas cun ritmo máis lento de aprendizaxe e nos/as que se prevea que se pode acumular certo retraso na adquisición dos coñecementos e no desenvolvemento das competencias segundo o previsto na temporalización. Desta maneira,

deseñaranse fichas ou exercicios como reforzo nos casos que así se requira ou no caso de enfermidade do/a neno/a ou da mestra. Na mesma liña, enviaranse traballos de investigación e experimentación dirixidos á aplicación do aprendido en contextos reais.

Ademais, e de cara a instaurar un hábito de traballo diario, cómpre que os alumnos e as alumnas de primaria repasen e estuden na casa todos os días os contidos traballados no tempo de clase.

21. DECRETO 79/2010: PLURILINGÜISMO

O alumnado do noso centro emprega nas súas interaccións orais, e dun xeito predominante, a lingua castelá. Tendo isto en conta, incluímos neste apartado as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.

- **Estratexias didácticas xerais relacionadas co uso das linguas no ámbito docente:**
 - Usar a mesma terminoloxía e modelo de análise.
 - Evitar repeticións teóricas innecesarias.
 - Empregar unha metodoloxía semellante preferentemente un enfoque comunicativo.
 - Comparar as distintas linguas do sistema educativo.
 - Estratexias para que as actividades lingüísticas contribúan á competencia lingüística do alumnado.
 - Usos correctos do profesorado.
 - Fomentar o diálogo mestres/as-alumnos/as.
 - Traballo colaborativo co alumnado: lectura, debate, exposición de conclusións.
 - Asegurar que os usos lingüísticos que se fan no centro favorezan o obxectivo da competencia bilingüe.
 - Profesorado (formacións, asesoramento, actitudes...).
 - Familias (información...).
 - Centro como espazo comunicativo (biblioteca, radio, conferencia, teatro...).
 - Fomentar sempre o uso da lingua galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice.

- Colaborar e traballar en diferentes campañas escolares que fomenten o uso e dominio do galego na escola; e tentar darlle un maior prestixio ao noso idioma.
- Promover a igualdade de dereitos e deberes para as dúas lingua oficiais da nosa comunidade.
- Procurar para a lingua galega, a incorporación das novas tecnoloxías da comunicación que faciliten o seu uso e que a convertan nunha lingua moderna, áxil e funcional.

A finalidade de todas estas medidas é a de conseguir unha maior presenza do uso do galego nos diferentes sectores do centro

▪ **Obxectivos adecuados a cada un dos sectores:**

A) OBXECTIVOS XERAIS

- Normalizar o uso do galego en todos os ámbitos e actividades educativas reforzando a súa dimensión comunicativa en relación con contextos vivos
- Asesorar e dar apoio de carácter lexislativo no emprego do galego a toda a comunidade escolar
- Fomentar e facilitar a integración socio-lingüística e escolar do alumnado de países estranxeiros con falas diferentes ó galego e castelán
- Fomento de todas as festas e conmemoracións que teñan lugar como base a cultura galega
- Coñecer o noso contorno mas próxima e ampliar o vocabulario relacionado con el.

B) OBXECTIVOS DE CARA AS FAMILIAS

- Interactuar co centro tanto na busca de datos como na realización de diversas actividades
- Realización de actividades coa colaboración da ANPA
- Conseguir unha receptividade ante actividades normalizadoras e dinamizadoras da lingua: motivación para transmitir aos fillos e fillas a lingua galega.

C) OBXECTIVOS DO PROFESORADO

- Acadar un alto índice de participación e dinamización da lingua entre todos os docentes
- Recuperar e recompilar elementos da nosa cultura tradicional e do noso contorno
- Potenciar o uso da biblioteca, promovendo actividades participativas e de colaboración na comunidade escolar
- Fomentar o uso do galego en distintas situación e contextos
- Propiciar o uso das novas tecnoloxías en galego, en castelán e en inglés.

D) OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

- Participar activamente en tódalas actividades que se propoñen no centro "en" e "dende" o galego
- Dar a coñecer tradicións da cultura galega
- Potenciar o uso da lingua escrita, oral e dramatización
- Ampliar o vocabulario relacionado coa cidade onde vivimos
- Dar a coñecer a lingua e literatura galega e aprender a valoralos.

E) CONCELLO E OUTRAS ENTIDADES DA CONTORNA.

- Establecemento de canles de comunicación e colaboración aberta e participativa co Concello, institucións e entidades da contorna.

🚦 Actividades a desenvolver para o fomento e dinamización da lingua galega

Para o curso 2022-2023 continuaranse desenvolvendo as actividades do curso anterior.

- Concienciación dos colectivos aos que nos diriximos (Claustro, Consello, ANPA...) para que asuman o plan como un proceso beneficioso e modernizador.
- Facer do galego unha lingua próxima cunha visibilidade permanente nas aulas mediante rótulos, mapas, debuxos, poesías, ...
- Usar a lingua en actos organizados polo centro (reunións de pais, conferencias, ...).
- Fomentar o uso da lectura en galego.
- Fomentar a oralidade a través de xogos e outras actividades informais do alumno.
- Empregar a lingua galega nas conversas coas familia, alumnado e persoal docente.

- Fomentar o uso da lectura en galego.
- Fomentar a oralidade a través de xogos e outras actividades informais do alumno.
- Celebración das distintas conmemoracións, especialmente a Semana das Letras Galegas, e a Semana do Libro, confeccionando murais, carteis, exposicións, etc. e integrando varios tipos de actividades.
- Confección de carteis relacionados coa lingua, para colocar nos corredores e aulas do centro.
- Celebración da Semana das Letras Galegas con múltiples actividades.
- Elaboración de materiais axeitados para tódalas celebracións.
- Uso das TICS.
- Presentación de páxinas educativas para practicar diferentes contidos traballados na aula.
- Colaboración coas entidades culturais e asociativas da contorna do centro escolar.
- Colaboración co Concello.
- Vocabulario relacionado co horto escolar.
- Actividades coordinadas a través da biblioteca.
- Todas as actividades realizadas terán como obxectivo xeral o acadar e difundir o principio de que o galego é vehículo axeitado para a comunicación en todos os ámbitos da vida.

No referente á valoración que se fará do programa de actividades, pensamos que coas actividades mencionadas se acadarán totalmente os obxectivos orientados á dinamización e potenciación do uso da lingua galega.

22. AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA

A composición da comisión coordinadora da avaliación individualizada para 4º de Educación Primaria seguirá as indicacións da correspondente resolución, que seguirá a seguinte organización:

| 4º Educación Primaria | |
|-----------------------|------------------------|
| Responsable de Centro | Gladys Enríquez García |
| Xefe/a D.O. | Ana Rielo Tellado |
| Titor/a | Sesé Couto Sanmartín |

Plan de mellora a partir dos resultados da avaliación individual: unha vez recibidos os resultados farase a pertinente revisión e tomaranse as medidas oportunas, se fose necesario.

23. PLAN DE CONVIVENCIA

En proceso de elaboración.

24. PLAN DIXITAL

O Plan Dixital contribuirá a desenvolver, dentro da presente PXA, aspectos vencellados á adquisición de competencias en novas tecnoloxías que non se estiveron a abordar nos anteriores cursos.

Os obxectivos pautados para este curso escolar son:

1. Mellorar as competencias dixitais do alumnado.
2. Dinamizar o uso da páxina web do centro.
3. Potenciar o espazo de traballo creado o pasado curso e fomentar o uso seguro das TIC.
4. Crear Redes Sociais para a difusión das actividades realziadas no centro, así como aumentar o interese xeral polo noso centro educativo.

A coordinación desta plan será asumida pola mestra Sesé Couto Sanmartín, dinamizando as actividades en colaboración coa responsable do centro.

25. LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

| TÍTULO | IDIOMA | CADERNO | ISBN | EDITORIAL |
|--|----------|-------------|---|----------------------|
| FICHAS MICA 3 ANOS: " MICA E OS SEUS AMIGOS" | GALEGO | 1 2 3 | 978-84-8224-936-0 978-84-8224-946-9 978-84-8224-937-7 | OBRADOIRO SANTILLANA |
| 3años TALLER DE GRAFOMOTRICIDAD | CASTELÁN | | 978-84-294-4912-9 | SANTILLANA |
| MATEMÁTICAS1.Educación infantil. | CASTELÁN | 1 | 978-84-675-4906-5 | SM |

5º DE EDUCACIÓN INFANTIL

| TÍTULO | IDIOMA | CADERNO | ISBN | EDITORIAL |
|--|----------|-------------|---|----------------------|
| FICHAS MICA 4 ANOS: " MICA E OS SEUS AMIGOS" | GALEGO | 1 2 3 | 978-84-8224-949-0 978-84-8224-953-7 978-84-8224-954-4 | OBRADOIRO SANTILLANA |
| LETRILANDIA1 | CASTELÁN | 2 | 978-84-2635-5836 | EDELVIVES |
| CUADERNO DE ESCRITURA. PAUTA MONTESSORI 1 | CASTELÁN | 1 | 978-84-2635-5645 | EDELVIVES |
| CUADERNO DE ESCRITURA. PAUTA MONTESSORI 2 | CASTELÁN | 2 | 978-84-2635-552 | EDELVIVES |

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

| TÍTULO | IDIOMA | CADERNO | ISBN | EDITORIAL |
|---|---------------|----------------|---|----------------------|
| FICHAS MICA 5 ANOS: " MICA E OS SEUS AMIGOS" | GALEGO | 1 2 3 | 978-84-8224-955-1 978-84-8224-956-8 978-84-8224-961-2 | OBRADOIRO SANTILLANA |
| LETRILANDIA 2 | CASTELÁN | 2 | 978-84-2635-5843 | EDELVIVES |
| CUADERNO DE ESCRITURA. PAUTA MONTESSORI 3 | CASTELÁN | 3 | 978-84-2635-5669 | EDELVIVES |
| CUADERNO DE ESCRITURA. PAUTA MONTESSORI 4 | CASTELÁN | 4 | 978-84-2635-5676 | EDELVIVES |
| CUADERNO DE ESCRITURA. PAUTA MONTESSORI 5 | CASTELÁN | 5 | 978-84-2635-5683 | EDELVIVES |

1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

| MATERIA | ISBN | TITULO | EDITORIAL |
|----------------|-------------------|--|------------------------|
| GLOBALIZADO | 978-84-9185-535-4 | 1PRI CINCO EN RAIA. Situacións de aprendizaxe integradas | ORADOIRO SANTILLANA |
| LECTOESCRITURA | 978-84-143-1695-5 | LECTOESCRITURA 1º | ANAYA |
| LECTURAS | 978-84-698-8106-4 | O LIBRO FELIZ. LECTURAS 1 | ANAYA |
| INGLÉS | 9780194074223 | ALL ABOUT US NOW 1 CLASS BOOK PACK 1 | OXFORD |
| INGLÉS | 9780194074292 | ALL ABOUT US NOW 1 ACTIVITY BOOK PACK 1 | OXFORD |

3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

| MATERIA | ISBN | TITULO | EDITORIAL |
|-------------|-------------------|--|------------|
| LENGUA | 978-84-680-7201-2 | 3PRI. CONSTRUYENDO MUNDOS. MOCHILA LIGERA | SANTILLANA |
| MATEMÁTICAS | 978-84-680-7136-7 | 3PRI. CONSTRUYENDO MUNDOS. MOCHILA LIGERA | SANTILLANA |
| LINGUA | 978-84-9185-409-8 | 3 PRI. CONSTRUÍENDO MUNDOS | SANTILLANA |
| NATURAIS | 978-84-9185-410-4 | 3PRI. CONSTRUÍENDO MUNDOS | SANTILLANA |
| SOCIAIS | 978-84-9185-416-6 | 3PRI. CONSTRUÍENDO MUNDOS | SANTILLANA |
| INGLÉS | 9780194074650 | ALL ABOUT US NOW 3 CLASS BOOK PACK 3 | OXFORD |
| INGLÉS | 9780194073844 | ALL ABOUT US NOW 3 ACTIVITY BOOK PACK 3 | OXFORD |

4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

| MATERIA | ISBN | TITULO | EDITORIAL |
|----------------|-------------------|--|-------------------------|
| LENGUA | 978-84-144-0738-7 | 4PRI-LENGUA Construyendo mundos | SANTILLANA |
| MATEMÁTICAS | 978-84-144-0769-1 | 4PRI MATEMÁTICAS Construyendo mundos | SANTILLANA |
| LINGUA | 978-84-9185-705-1 | 4PRI LINGUA Construindo mundos | OBRADOIRO SANTILLANA |
| NATURAIS | 978-84-9185-692-4 | 4PRI CC. DA NATUREZA Construindo mundos | OBRADOIRO SANTILLANA |
| SOCIAIS | 978-84-9185-698-6 | 4PRI CC. SOCIAIS Construindo mundos | OBRADOIRO SANTILLANA |
| INGLÉS | 9780194074803 | ALL ABOUT US NOW 4 CLASS BOOK PACK 4 | OXFORD |
| INGLÉS | 9780194073905 | ALL ABOUT US NOW 4 ACTIVITY BOOK PACK 4 | OXFORD |

5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

| MATERIA | ISBN | TITULO | EDITORIAL |
|----------------|---------------|---|------------------|
| LENGUA | 9788468072005 | 5PRI CONSTRUYENDO MUNDOS. MOCHILA LIGERA | SANTILLANA |
| MATEMÁTICAS | 9788468071404 | 5PRI CONSTRUYENDO MUNDOS. MOCHILA LIGERA | SANTILLANA |
| LINGUA | 9788491854128 | 5PRI CONSTRUYENDO MUNDOS. MOCHILA LIGERA | SANTILLANA |
| NATURAIS | 9788491854074 | 5PRI CONSTRUYENDO MUNDOS. MOCHILA LIGERA | SANTILLANA |
| SOCIAIS | 9788491854159 | 5PRI CONSTRUYENDO MUNDOS. MOCHILA LIGERA | SANTILLANA |
| INGLÉS | 9780194074988 | ALL ABOUT US NOW 5 CLASS BOOK PACK 5 | OXFORD |
| INGLÉS | 9780194073937 | ALL ABOUT US NOW 5 ACTIVITY BOOK PACK 5 | OXFORD |

6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

| MATERIA | ISBN | TITULO | EDITORIAL |
|--------------------------|-------------------|--|-------------------------|
| LENGUA | 978-84-144-0747-9 | 6PRI-LENGUA Construyendo mundos | SANTILLANA |
| MATEMÁTICAS | 978-84-144-0772-1 | 6PRI MATEMÁTICAS Construyendo mundos | SANTILLANA |
| LINGUA | 978-84-9185-727-3 | 6PRI LINGUA Construindo mundos | OBRADOIRO SANTILLANA |
| NATURAIS | 978-84-9185-669-6 | 6PRI CC. DA NATUREZA Construindo mundos | OBRADOIRO SANTILLANA |
| SOCIAIS | 978-84-9185-693-1 | 6PRI CC. SOCIAIS Construindo mundos | OBRADOIRO SANTILLANA |
| INGLÉS | 9780194075138 | ALL ABOUT US NOW 6 CLASS BOOK PACK 6 | OXFORD |
| INGLÉS | 9780194074025 | ALL ABOUT US NOW 6 ACTIVITY BOOK PACK 6 | OXFORD |
| VALORES CÍVICOS E ÉTICOS | 978-84-9185-534-7 | 6PRI VALORES CÍVICOS E ÉTICOS | OBRADOIRO SANTILLANA |

